



CAMPO DE VOLUNTARIADO "CASTRO E ROMARÍA DE SAN LOURENZO" (A POBRA DO BROLLÓN-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
01-12/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e arqueolóxico	15

LOCALIZACIÓN

O Castro d'Alende ou San Lourenzo é un sitio arqueolóxico que se atopa na parroquia de San Pedro de Cereixa (A Pobra do Brollón, Lugo) sobre a marxe dereita do río Saa, na pequena dorsal que serve de transición entre a península da Chá de Castro e o val fluvial.

O castro é un poboado fortificado ergueito tras a conquista romana para albergar os traballadores nas explotacións auríferas da bisbarra, entre os séculos I-II da nosa era. Probablemente, estivo vencellado tamén á metalurxia do ferro, polo que se trataría dun poboado especializado dentro da rede de castros que controlaban a minería nas bacías sedimentarias dos ríos Lor, Saa e Cabe.

En época medieval, a poboación labrega de Cereixa construíu unha ermida na honra de San Lourenzo, que foi rehabilitada en 1876 para caer despois no abandono.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Neste campo de voluntariado as persoas participantes involúcranse cunha pequena comunidade rural para axudar na posta en valor do seu castro, así como na organización da Romaría de San Lourenzo que se realiza no propio xacemento.

Todo traballo realizado no xacemento arqueolóxico será debidamente supervisado polo equipo técnico e haberá unha formación previa por parte do membro do equipo especialista en cada traballo concreto.

Os labores que se van realizar neste campo serán de escavación, desbroce, evacuación de raigames e leña, saneamento, mais tamén de involucrarse nunha comunidade local a partir da participación activa na Romaría de San Lourenzo que se realiza no castro o 10 de agosto.

Os labores das persoas participantes axudarán a unha mellor comprensión do xacemento. Os traballos pivotarán en torno a dous eixos principais:

- A escavación con supervisión técnica da zona da muralla castrexa (séculos III-II a.n.e).
- A escavación de tumbas existente na zona da necrópole medieval (séculos IX-XII d.n.e).

Que as persoas participantes entendan a importancia do seu labor tanto a nivel arqueolóxico como a importancia que ten para a comunidade local é prioritario neste campo de voluntariado, por iso, nas actividades e en xeral, de xeito transversal, farase enorme fincapé na metodoloxía arqueolóxica e fomentarse a interacción coa comunidade local.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades de tempo libre irán dirixidas a reforzar os citados como eixos do proxecto:

- Comprensión por parte das persoas participantes da importancia do seu traballo a nivel arqueolóxico e patrimonial.
- Interacción coa comunidade local.

Obradoiros:

- Obradoiro de brindos: trátase dunha forma de improvisación oral tradicional do Sur lucense.





- Obradoiro "A vida oculta do río", no río de Cereixa e nas lagoas do castro.
- Obradoiro "Bico de Badal", obradoiro de badaladas na igrexa parroquial de Cereixa.
- Obradoiros de baile e música tradicional: coa escusa de preparar un baile para o día da romaría, producírase un achegamento á música tradicional.

Excursións:

- Dentro da propia parroquia: distintos roteiros guiados a elementos cereixanos como o cairn da Muradella, a Casa de Repil ou a Aldea de Lamas.
- A outros lugares do Concello como poden ser a parroquia de Vilachá para achegarse ao mundo do viño e ao xacemento dos Conventos ou a parroquia de Salcedo, para achegarse ao mundo do Entroido do Oso ou ao xacemento das Penas do Castelo.

Charlas e proxeccións:

- Exhibición do documental *As pedras de San Lourenzo* (2016) e *Cereixa Ceive* (2021), con coloquio posterior, no local social de Cereixa.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será no albergue municipal, situado nun edificio en desuso do grupo escolar. As persoas participantes disporán de prazas en liteiras así como duchas e espazos comúns.

Enderezo: Avenida de Outeiro, 37, 27331 A Pobra de Brollón, Lugo

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento. No caso de desprazarte en servizo público, o punto de quedada é na estación de autobuses de Monforte de Lemos.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR:

Vía Monforte de Lemos, que conta cunha estación de tren das máis importantes de Galicia, polo que achegarse a Monforte dende calquera punto de Galicia é bastante sinxelo.

Ademais, por estrada, a compañía www.monbus.es conecta Monforte con case todo o territorio galego.



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b)), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

Saco de dormir, sombreiro, roupa de monte, botas, chubasqueiro, protección solar.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude:

camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Lugo:

camposluogo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

